

Resolución Reitoral de 5 de outubro de 2021 pola que se convoca a X Edición do programa INCUVI-Emprende da Universidade de Vigo

A fin de contribuír ao fomento da innovación, á competitividade e ao emprendemento entre o seu alumnado, a Universidade de Vigo, a través da Área de Emprego e Emprendemento, estima conveniente realizar unha convocatoria de axudas de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Tradicionalmente, o programa conta co patrocinio das seguintes entidades: ABANCA, Autoridade Portuaria de Vigo, Banco Santander., BBVA, o CTAG (Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia) ou CZFV (Consortio da Zona Franca de Vigo). Ademais, o desenvolvemento do programa vense beneficiando da colaboración con outras institucións, tales como a Asociación de Xoves Empresarios de Vigo, a *Business Factory Food*, *Business Factory Aero* e *Business Factory Auto*, a Fundación Celta, a Fundación Ronsel, a TECNOPOLE, ou a Xunta de Galicia, entre outras. Ademais, ao longo do desenvolvemento do programa poderán incorporarse novas institucións cuxa aportación resulte beneficiosa para a consecución dos obxectivos. As persoas representantes de estas entidades poderán ser convidadas a formar parte da Comisión externa de avaliación.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de Universidades* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar en réxime de concorrencia competitiva a X Edición de Axudas INCUVI-Emprende da Universidade de Vigo que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 26/05/2020 (DOG 04/06/2020)

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria,

Natalia Caparrini Marín

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s21N0000093

CSV

GEISER-07e5-1285-1d84-48eb-8eaa-3a71-a68f-55eb

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

05/10/2021 12:43:36 Horario peninsular

Validez del documento

Original



ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DA X EDICIÓN DE AXUDAS INCUVI-EMPRENDE

1. OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é apoiar as ideas emprendedoras que xurdan entre o alumnado e persoas recentemente tituladas pola Universidade de Vigo co fin de fomentar o espírito emprendedor e impulsar as habilidades e competencias emprendedoras entre a comunidade universitaria.

A axuda consiste na formación e titorización do equipo emprendedor durante un período de preincubación de 7 meses. Estas accións irán encamiñadas a elaborar un modelo de negocio das ideas presentadas.

O número máximo de proxectos seleccionados será 12. Poderán desenvolverse en calquera dos tres campus da Universidade de Vigo (Ourense, Pontevedra ou Vigo) e abranguer todos os ámbitos de coñecemento: tecnolóxico, científico, xurídico-social e humanidades.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Poderán participar as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Os membros dos equipos promotores das ideas deberán pertencer a algún dos seguintes colectivos:
 - Alumnado matriculado** na Universidade de Vigo en estudos de grao ou mestrado no curso 2021/2022.
 - Persoas tituladas** en titulacións oficiais pola Universidade de Vigo no curso 2018/2019 ou posteriores.
 - Persoas matriculadas nunha titulación oficial no curso actual ou tituladas** noutras universidades españolas no curso 2018/2019 ou posteriores, sempre que non superen o 50% dos membros do equipo.
- A idea emprendedora poderá presentarse de maneira individual ou en equipo de 4 persoas como máximo; neste último caso existirá unha persoa que actuará como coordinadora do equipo. A persoa ou equipo promotor deberán posuír a autoría intelectual das ideas que presentan ou, no seu defecto, dispor dos permisos correspondentes de uso da propiedade intelectual e/ou industrial de terceiros.
- Non se admitirán proxectos presentados por grupos nos que algún dos membros fose premiado en anteriores convocatorias de INCUVI.
- Non se poderá presentar mais dun proxecto nin pertencer a varios equipos emprendedores.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, de 17 de novembro*.

3. INCOMPATIBILIDADES

As axudas establecidas nesta convocatoria serán incompatibles con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade.

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s21N0000093

CSV

GEISER-07e5-1285-1d84-48eb-8eaa-3a71-a68f-55eb

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

05/10/2021 12:43:36 Horario peninsular

Validez del documento

Original



O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións*.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

O importe total desta acción ascende a un máximo de 12.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 2022 0000 121D 482.99.

As persoas beneficiarias contarán con **formación e titorización durante 7 meses (de xaneiro a xullo ambos incluídos)** co obxectivo de adquirir habilidades e competencias emprendedoras ao par que maduran unha idea de negocio. Trátase dunha axuda en especie outorgada a todas as persoas que participan no equipo emprendedor, cuxa contratación someterase á Lei de contratos do sector público segundo establece a disposición quinta da Lei xeral de subvencións. A axuda está suxeita á retención do IRPF establecida na lexislación tributaria. Por tratarse dun expediente de tramitación anticipada, a contía total máxima ten carácter estimado, polo que a concesión das bolsas queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da execución do contrato.

O pagamento efectuarase trimestralmente unha vez que a empresa contratada presente os informes correspondentes a ese período.

5. CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA

O Programa consta de 3 fases:

- Formación cunha adicación de 44 horas
- Desenvolvemento do proxecto cunha adicación de 18 horas
- Titorización cunha adicación de 8 horas

Na medida en que as condicións sanitarias o permitan a formación será presencial. O resto das fases do programa poderán desenvolverse de xeito presencial ou telemático.

6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

A persoa promotora ou a persoa coordinadora do equipo deberá encher o **formulario en liña** no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/8861, **descargalo e presentalo na sede electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da instancia xenérica (SXER) existente na sede, poñendo en **asunto** "Axudas INCUVI *Emprende*", achegando unicamente o arquivo coa solicitude.

Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que os/as solicitantes deberán observar en todo momento https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia_rexistro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf. No caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico sede@uvigo.gal.

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para os interesados neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, se lle requirirá para que a emenda a través da súa presentación



electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que foi realizada a emenda, de acordo ao artigo 68.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As persoas interesadas en participar nesta convocatoria contan co **apoio e co asesoramento da Área de Emprego e Emprendemento** para solucionar as posibles dúbidas relacionadas coa presentación da solicitude.

O prazo de presentación das solicitudes será desde o día seguinte a publicarse esta convocatoria ata o **26 de outubro de 2021** ás 23:59 horas (hora peninsular española). A presentación fóra de prazo supoñerá a non admisión a trámite da solicitude.

Así mesmo, deberán subir a seguinte documentación ao formulario en liña (non hai que subir a documentación á sede electrónica):

1. Breve currículo de todas as persoas integrantes do equipo emprendedor (máximo 1 cara tamaño A4) no que indiquen formación, experiencia e outra información considerada de utilidade para reforzar a súa candidatura.
2. Carta de interese/motivación redactada pola persoa promotora da idea/coordinadora do equipo na que xustifiquen a súa motivación e compromiso potencial para traballar na maduración da idea emprendedora a través da súa participación no programa INCUVI-Emprende.
3. Outra documentación complementaria que consideren oportuno achegar.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación necesaria para a avaliar correctamente os requisitos e méritos alegados.

O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

7. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

Primeira fase: Preselección como máximo de 15 proxectos

A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación. Para tal fin, presentarán o **formulario de alegacións** na secretaría virtual da universidade dirixido á Sección de Axudas e Bolsas.

Unha vez revisadas as alegacións, as persoas admitidas serán convocadas a unha **entrevista persoal** coas persoas responsables da titorización do proxecto co obxecto de avaliar:

- a) Experiencia do equipo promotor da idea (50% da puntuación):
 - i. Currículo dos membros do equipo e adecuación da súa experiencia e traxectoria: ata 20 puntos.
 - ii. Grao de implicación dos membros do equipo co desenvolvemento e maduración da idea: ata 30 puntos.
- b) Calidade e solidez da idea proposta (50% da puntuación):



- i. Base científica, tecnolóxica ou de coñecemento na que se apoia, así como os elementos diferenciadores que poida incorporar a proposta de valor: ata 20 puntos.
- ii. Grado de maduración: ata 10 puntos.
- iii. Grao de innovación: ata 10 puntos.
- iv. Grao potencial de escalabilidade e identificación dun alcouve de mercado: ata 10 puntos.

Na entrevista participará algún membro da comisión de avaliación. Tras a entrevista, emitirase un informe individualizado que será avaliado pola comisión.

A comisión de avaliación está composta por:

Presidenta: Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria

Vogais: Maruxa Álvarez Jiménez, directora da Área de Emprego e Emprendemento
Ignacio Armesto Quiroga, director da Área de Extensión Universitaria
Maria Isábel Doval Ruíz, vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación
Belén Rubio Armesto, vicerreitora de Investigación
Ángeles López Lozano, directora técnica da Oficina de I+D
Daniel Villanueva Torres, director de Vigo Tecnolóxico

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión teña que examinar as solicitudes, algún dos membros non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

Á vista dos informes emitidos a comisión seleccionará os proxectos que superan esta primeira fase. A puntuación mínima para considerar aceptado un proxecto será 50 puntos. A Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria dun máximo de 15 proxectos preseleccionados, rexeitados** coa mención da causa de rexeitamento, e listaxe de agarda para o caso de que desista algún dos proxectos preseleccionados.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación, presentando o **formulario de alegacións** na secretaría virtual da universidade dirixido á Sección de Axudas e Bolsas.

Unha vez que a comisión revise as alegacións, a Sección de Axudas e Bolsas enviaralle á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria a proposta, quen seleccionará os proxectos mediante a correspondente resolución.

A resolución conterá a listaxe definitiva de proxectos seleccionados, a listaxe de proxectos rexeitados coa causa de rexeitamento, e a listaxe de agarda para o caso de existiren desistimentos.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar a partir do día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte á súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se producise a desestimación presunta do



recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Segunda fase: presentación dos proxectos ante a comisión de avaliación

As persoas participantes nos proxectos preseleccionados deberán asistir a un obradoiro presencial/en liña teórico-práctico de 2 horas de duración orientado á preparación dunha presentación dos seus proxectos ante a comisión de selección. Esta formación complementarase con 1 hora de titoría individualizada por proxecto na que se orientará e se revisará o traballo realizado por cada grupo.

Os proxectos deberán ser presentados diante da comisión de selección nun acto único, que poderá realizarse de xeito presencial, por videoconferencia ou mediante un vídeo autoeditado. Cada proxecto disporá de 5 minutos para presentar as liñas básicas. A comisión poderá convocar a outras persoas expertas que considere conveniente para a adecuada avaliación dos proxectos.

Non se avaliarán os proxectos nos que todas as persoas participantes non asistan ao 100% das sesións do obradoiro e ao 100% das titorías individualizadas.

Para a avaliación dos proxectos a comisión atenderá aos seguintes criterios:

1. Composición do equipo promotor (existencia de perfís multidisciplinares e complementarios, formación, etc.): ata 15 puntos.
2. Puntuación obtida no informe elaborado na fase I de preselección: ata 20 puntos.
3. Grao de innovación da idea emprendedora: ata 10 puntos.
4. Grao de viabilidade técnica, económica e comercial: ata 5 puntos.
5. Grao de internacionalización: ata 5 puntos.
6. Exposición oral e defensa do proxecto: ata 15 puntos.
7. Grao de relevancia ata 20 puntos (5 puntos por ítem), como segue:
 - a. A inclusión da idea emprendedora nun eido de actividade estratéxico para o desenvolvemento de Galicia (alimentación, aeronáutico, automoción, mariño/marítimo, rural).
 - b. A potencial resposta da idea a un dos retos incluídos nas estratexias nacionais e rexionais para a especialización intelixente en investigación e innovación (estratexias de RIS3), que en Galicia establece tres retos:
 - i. Novos modelo de Xestión dos recursos naturais e culturais baseados na innovación.
 - ii. Novos modelos industriais sustentados na competitividade e no coñecemento.
 - iii. Novos modelos de vida saudable cimentado no envellecemento activo da poboación.
 - c. Previsión de que a idea poida ter un impacto positivo na sociedade e vele polo cumprimento dalgún(s) dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) (emprendemento social)
 - d. Relación da idea coa readaptación das empresas ante a situación da covid-19 e poscovid-19
8. Emprendemento feminino: ata 5 puntos, en función da porcentaxe de mulleres no proxecto

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s21N0000093

CSV

GEISER-07e5-1285-1d84-48eb-8eaa-3a71-a68f-55eb

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

05/10/2021 12:43:36 Horario peninsular

Validez del documento

Original



9. Inclusión social: ata 5 puntos en función da porcentaxe de persoas con algunha discapacidade no proxecto.

Á vista da proposta da comisión a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de axudas concedidas, denegadas** coa mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación, presentando o **formulario de alegacións** na secretaría virtual da universidade dirixido á Sección de Axudas e Bolsas.

Unha vez revisadas as alegacións pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas enviaralle á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria a proposta, quen adxudicará as axudas mediante a correspondente resolución.

A **resolución conterà a listaxe definitiva de axudas concedidas, denegadas** con mención da causa de denegación e **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias. Na resolución indícarase a data e lugar no que deberán presentarse as persoas beneficiarias para iniciar a mentorización.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 6 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto, así como a resolución de adxudicación, publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previstos no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais necesarias serán realizadas ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

8. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas beneficiarias deberán aceptar a concesión da axuda mediante o escrito presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, no prazo de tres días desde a publicación da resolución definitiva. De non facelo, entenderase que renuncia e concederáselle a axuda á seguinte persoa da listaxe de agarda.



A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante un escrito presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas antes de que se inicie a titorización a través de instancia xenérica (SXER). As renuncias aceptadas darán lugar á concesión da axuda á seguinte persoa da lista de agarda.

9. OBRIGAS

As persoas beneficiarias da axuda deberán:

- Colaborar coas accións e actividades de promoción e difusión do programa.
- Cumprir cos prazos marcados pola universidade para a entrega da información requirida.
- Entregar toda a información adicional requirida ao longo da vixencia do programa.
- Asistir e participar de forma activa en todas as accións do programa. Unha participación inferior ao 80% nas actividades programadas considerárase como incumprimento de participación.

Ademais, o beneficiario/a debe de cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación.

10. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas axudas:

- Non cumprir os requisitos e as obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalguna das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalguna destas causas, está obrigada a reintegrarlle á universidade a cantidade indebidamente percibida. De existir incumprimento do desenvolvemento do obxecto propio da axuda, previo informe neste sentido polo/a director/a da Área de Emprego e Emprendemento, poderase interromper de xeito cautelar o abono da axuda económica unha vez iniciado o procedemento.

11. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que se poidan impoñer, polo que presentar a solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.



12. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)

13. COORDINACIÓN NO PROGRAMA

A Area de Emprego e Emprendemento é a responsable da coordinación e supervisión do programa. As persoas participantes poderán dirixir á emprego@uvigo.es as consultas e dúbidas que xurdan ao longo da vixencia do programa.

Código seguro de Verificación : GEISER-07e5-1285-1d84-48eb-8eaa-3a71-a68f-55eb | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s21N0000093

CSV

GEISER-07e5-1285-1d84-48eb-8eaa-3a71-a68f-55eb

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

05/10/2021 12:43:36 Horario peninsular

Validez del documento

Original

